



Cee mobilízase contra os ataques ao galego Px. 6

## O galego, lingua estranxeira no ensino

Px. 4-5

Entrevista a Anxo  
Núñez: autor da  
petición para  
termos galego en  
Netflix Px. 8

## EDITORIAL

# Exixir, actuar, denunciar

**C**ase seis anos despois da aprobación do Decreto 79/2010 contra o galego o ensino temos cada vez máis datos que demostran empíricamente que as previsións que facíamos tanto da Mesa pola Normalización Lingüística como das 600 entidades que participan conosco na plataforma cidadá Queremos Galego non estaban, nin moito menos, erradas.

A maior parte das nenas e nenos que comezan Educación Primaria nas cidades galegas son expropiados da súa lingua, non saben nin da súa existencia, no mellor dos casos terana como unha lingua exótica, unha lingua estranxeira no seu propio país.

Velái os datos. Por unha banda obsérvase como a acción contraria ao galego, promovida desde a propia Xunta, dá os seus froitos, e se a utilización do español é absolutamente maioritaria, xa hai un 40% de centros de infantil que, sen reparos e baixo o paraugas do goberno galego, dá por exterminado o galego das súas aulas, onde é máis habitual contar con materiais en inglés que en galego. Por outra banda, aínda nunha porcentaxe anecdótica do 5%, vemos como cun avance máis lento aumentan levemente os centros que declaran impartir maioritariamente en galego, sen dúbida debido a unha maior conciencia e a mobilización da sociedade que, en solitario e sen máis medios que a súa forza contra a do conxunto da administración, vai dando pequenos pasos adiante malia seren máis rápidos os pasos atrás.

Exixir galego onde non hai, denunciar actitudes de desprezo, actuar individual e colectivamente para repolo e rehabilitalo son as principais ferramentas que temos e que cómpre mellorar. A Mesa pola Normalización traballa niso mais tamén precisa de máis oxíxeno con novas socias e socios, que garantan os noso traballo e nos axuden a amplíalo. Quen non quere galego ben sabe da importancia de entidades como a Mesa. Sirva de exemplo que neste momento somos a única entidade de defensa dunha oficial que non recibe ningún tipo de axuda do seu goberno. Traballamos e actuamos coas nosas propias forzas mais tamén precisamos máis músculo.

A piques de pechar a edición deste Somos Galego, as persoas que amamos a lingua recibiamos o duro golpe do falecemento de Xosé Neira Vilas e de Xosé Chao Rego.

Somos moitas e moitos quen lle debemos a Neira as primeiras lecturas en galego, con obras inmortais como Memorias dun neno labrego, ou O cabaliño de buxo. Obras tan necesarias hoxe nun marco de desgaleguización do ensino. Demostrou que a lingua galega é a creación colectiva máis perfecta para levar Galiza á universalidade. Sen ela, simplemente, non existimos.

A Chao Rego debémoslle a súa prolífica obra e a referencialidade no ensaio galego que o converten no maior autor galego en cantidade e especialmente en cualidade, e que tanto contribuíu a que a través do coñecemento e da análise, e malia a adversidade, sexamos tantas e tantos os renacidos galegos. Chao Rego puxo o seu esforzo e todo o seu enorme coñecemento ao servizo do pobo galego que nunca separou do seu idioma, da mesma maneira que loitou pola humanización da Igrexa asociando sempre esta humanización ao compromiso coa lingua galega, a lingua do pobo. Son moitas e moitos os continuadores do seu enorme traballo colectivo, nomeadamente a asociación de crentes galegos Irimia a quen desde A Mesa pola Normalización Lingüística enviamos un saúdo fraternal e o noso recoñecemento polo seu traballo.

# SOMOS GALEGO O GALI

## OS NÓSOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS NA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

## CONSULTORIO DA LIÑA DO GALEGO

902 10 64 74 / linhadogalego@amesa.gal

**C**on motivo do comezo da campaña electoral para as eleccións xerais do 20 de decembro, A Mesa quere que todos os partidos que se presentan mostren un compromiso co galego para mellorar a súa situación na Administración do Estado.

Queda moito por avanzar neste terreo, aínda que non está de máis lembrarmos que hai uns dereitos mínimos que a cidadanía ten legalmente garantidos na relación coas diferentes administracións e que a Administración do Estado debe respectar.

Neste sentido, alén doutra lexislación xeral como a Constitución española, o Estatuto de autonomía ou a Lei de normalización lingüística, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común promulga no artigo 35.d) o dereito "a empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico".

O artigo 36 desta lei sobre a lingua dos procedementos di:

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán empregar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorren varios interesados no procedemento e existise discrepancia tocante á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos.

2. Nos procedementos tramitados polas Administracións das comunidades autónomas e das entidades locais o emprego da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instrutora deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente. Se deberan producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución".

A isto hai que engadirlle que os dereitos lingüísticos tamén se deben garantir na atención ao público polo que obriga a que o persoal da Administración xeral do Estado situada en Galiza se dirixa aos cidadáns/ás na lingua elixida por eles/elas.

Con relación á documentación impresa, o Real decreto 1465/1999 establece que deberán estar nas dúas linguas.

O Estado español incumpe as recomendacións da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, que ratificou no 2001, e tal como recollen os diferentes informes dos comités de expertos "o uso do galego non se garante sistematicamente". Ademais insta ás autoridades españolas a tomaren as medidas necesarias para asegurar as versións en galego dos textos administrativos.

### QUE DEBEMOS FACER SE A ADMINISTRACIÓN DO ESTADO VULNERA OS NÓSOS DEREITOS?

O primeiro que debemos facer é presentar un escrito no rexistro da administración que incumpra a lei. Tamén debemos presentar unha queixa perante a valedora do Pobo, que ten a competencia de velar polos nosos dereitos, que están sempre obrigadas a contestar os seus requirimentos (pódese facer online desde aquí: <http://www.valedordopobo.com/presentar-unha-queixa/>). É conveniente que nos fagas chegar unha copia da túa queixa á Mesa, onde poderemos asesorarte, darlle eco e facermos un seguimento do caso (o correo de contacto da Liña do Galego é: [linhadogalego@amesa.gal](mailto:linhadogalego@amesa.gal)). Tamén convén enviar outra copia á Secretaría Xeral de Política Lingüística ([sxpl.secretaria@xunta.es](mailto:sxpl.secretaria@xunta.es)) que como departamento do Goberno galego responsábel de garantir os dereitos lingüísticos está na obriga de tramitar e responder a nosa queixa. Actívatelo! Defende os teus dereitos lingüísticos!

## PARA MELLORARMOS A CALIDADE DA NOSA LINGUA. O COMPLEMENTO DIRECTO, SEN PREPOSICIÓN

**U**n fenómeno relevante, común a todas as linguas romances a pesar da desigual extensión do seu uso, é o emprego da preposición a co complemento directo (CD).

O español presenta unha grande amplitude de usos, en canto no sistema lingüístico galego-portugués a súa presenza é considerabelmente máis reducida, a pesar de no galego contemporáneo ter avanzado de modo considerábel por presión daquel. Por norma, en galego o CD non vai introducido por preposición, inclusive cando referido a persoas ou cousas personificadas, salvo en casos moito concretos. Debe evitarse, pois, o uso da preposición a co CD como criterio xeral. Eis máis un trazo, importante, de autenticidade e calidade lingüística.

Pode utilizarse en secuencias en que os elementos funcionais non seguen a orde habitual (suxeito-verbo-CD) e se produce algunha ambigüidade (*Venceron os bos aos maos / Venceron aos bos*

*os maos*); de se non usar a preposición enténdese que primeiro vai o suxeito e logo o CD (*O avó coida o neto / Coida a avoa a neta*); en todo o caso, se non houber ambigüidade, o CD non levará preposición (*Nais e pais protexen as súas crianzas*). Tamén se emprega a preposición a coas formas tónicas dos pronomes persoais, tanto se foren precedidas da átona de acusativo (*Colleuna a ela pola man*) como se as antecederen (*A eles víronos pasar*); cando o pronome tónico vai precedido do cuantificador todos non é precisa a preposición (*Viunas a elas bailando / Viunas todas elas bailando*). Aínda que a anticipación do CD favorece a súa presenza (*Ao señor tamén o viron / O señor tamén o viron*), por norma non se debe usar a preposición de o CD estar topicalizado, salvo caso de ambigüidade co suxeito, porque xa leva un pronome átono que aclara a súa función (*A rapaza non a admitiron no colexio*). Na construción recíproca un(s) ao(s) outro(s) tamén se usa a preposición (*Golpeáronse uns aos outros / Un ne-*

*no golpeou outro neno*). E por veces a presenza da preposición pode cumprir unha función semántica (*Quérote como pai / Quérote como a pai*).

Fóra destes casos, non se debe utilizar a preposición a con CD. Así, non se utiliza cos nomes comúns de persoas (*A doutora examinou o doente*) e tampouco cos nomes propios de iren precedidos dun determinante ou modificador (*Vin o Pepe; Levamos o teu Afonso connosco*), embora tamén se deba tender a evitar o uso da preposición co nome propio en calquera caso (*Lin Castela hai anos; Admiro Rosalía*), de acordo coa tradición histórica. Por especificarmos outras casuísticas, con nomes de santos, salvo *Deus*, normalmente non se utiliza a preposición (*Festexamos Santo André*); tampouco cos pronomes posesivos e demostrativos (*Trouxen o meu aquí; Apaño estes non camiño*), cos identificadores (*Vin un ancián pola rúa; Admira cada artista que ve; Busca calquera parella*) nin cos cuantificadores (*Vexo algunhas; Non acepta*

*ninguén; Quere todos para sí*). E, de certo, nunca se usa a preposición con nomes inanimados, incluídos os xeográficos (*Vexo Cangas*).

Aínda son moitos os textos en galego que, após pasaren por mans correctoras, continúan a presentar unha altísima casuística de CD coa preposición a, o que é totalmente incompatible cun galego auténtico e de calidade. Ollo, por tanto, coa por veces subrepticia e case imperceptíbel introdución dese minúsculo <a> co CD, que sibilinamente desnatura a sintaxe do galego. O profesorado de lingua, os autores e autoras e as persoas que se dedican á tradución e corrección de textos deben prestar especial atención a este trazo.

Por Xosé Ramón Freixeiro Mato.  
Catedrático de Filoxía  
galega na UDC

# O decretazo expulsa o galego das aulas

O estudo é un claro reflexo de que estamos a asistir a un proceso de estranxeirización da lingua galega, perfectamente visíbel no feito de que hai máis centros de ensino con materiais didácticos en inglés que en galego.

**A** Mesa publicou o seu estudo anual sobre a situación da lingua galega na Educación Infantil de 3 a 6 anos, un estudo realizado a través dunha enquisa telefónica a 269 centros, públicos e privados, das sete cidades galegas.

Trala realización do estudo obsérvase un incremento notábel da opción excluín-te do galego, nomeadamente en centros privados. Vigo, Ourense e Pontevedra, son os casos máis preocupantes onde entre o 67% e o 75% do alumnado ten negado calquera achegamento mínimo ao galego. Se o coñecemento do galego depender do Ensino Infantil, grande parte do alumnado que comeza a Educación Primaria, chegaría a esta etapa alleo á mesma existencia da lingua galega.


O estudo é un claro reflexo de que estamos a asistir a un proceso de estranxeirización da lingua galega, perfectamente visíbel no feito de que hai máis centros de ensino con materiais didácticos en inglés que en galego.

A pesar destes resultados nefastos para a perpetuación da nosa lingua, o pequeno incremento do galego demostra que a mobilización social e a acción das entidades favorábeis á normalización, continúa a ser o único elemento de avance para o galego nos ámbitos nos que se produce, malia mostrar unha lentitude que se explica en ter toda unha administración en contra dos pequenos avances. A sociedade impulsa a lingua en solitario, mais é un impulso insuficiente sen a colaboración e implicación da administración pública galega. Neste momento o ritmo dos retrocesos é maior que o dos avances.

A importancia da mobilización social a prol da lingua e das accións que proveñen da sociedade, vese moi claramente no aumento da presenza de materiais didácticos en galego nas cidades. A súa simple existencia depende exclusivamente da iniciativa social ou privada, e a adquisición por parte dos centros, depende da iniciativa do profesorado, nalgúns casos coa axuda dos concellos, sen intervención da Xunta de Galiza.

Na información que os propios centros nos proporcionaron destacan como principais materiais en galego, xunto cos elaborados polo profesorado, O abece-

## A SITUACIÓN NAS 7 CIDADES



**Obsérvase un incremento notábel da opción excluín-te do galego, nomeadamente en centros privados. Vigo, Ourense e Pontevedra son os casos máis preocupantes onde entre o 67% e o 75% do alumnado ten negado calquera achegamento mínimo ao galego**

dario, editado pola Mesa pola Normalización Lingüística, xunto con Pompas de xabón e O Doutor Sanda Sanda da editorial Xerais.

É urxente que a Xunta de Galiza comece a acompañar a crecente demanda de galego en todas as esferas da sociedade, nomeadamente no ensino, coas seguintes accións:

Avaliación da situación do galego no conxunto do ensino: a administración non fixo desde a entrada en vigor do Decretazo 79/2010 contra o galego, ningunha avaliación. A única avaliación das repercusións do decreto no ensino infantil foi realizada por entidades sociais como A Mesa pola Normalización Lingüística.

Retirada total do decreto 79/2010, aplicando as sentenzas que anulaban certos aspectos, mais tamén elaborando un novo que desta vez conte coas achegas e o apoio da comunidade educativa, que dea á lingua galega o amparo que se lle nega na actualidade, e que permita que o galego deixe de ser na práctica unha lingua estranxeira no seu propio país, especialmente para o alumnado de menos de 6 anos. Lembramos que a Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o coñecemento do galego, lingua propia de Galiza, a todo o alumnado.

implicación por parte da mesma na dotación básica de materiais didácticos en galego para a Educación Infantil, favorecendo a súa adquisición. (3558)


Destaca na enquisa a resposta "maioritariamente ou 100% castelán", este dato indica unha mínima porcentaxe de utilización do galego insuficiente para unha adquisición aceptábel da lingua galega. Encádranse aquí os centros que utilizan o galego nalgún momento dentro da súa distribución horaria, o 36,43%

Por primeira vez recibimos directamente a resposta "só en castelán" que deron case o 40% dos centros das cidades galegas como moito introducindo o inglés e limitando o galego só a días concretos como o das Letras Galegas. O total de centros que utilizan moi maioritariamente o castelán é do 75,84%.

Sendo a situación grave en todas as cidades, Vigo, Pontevedra e Ourense é onde se atopan os casos máis alarmantes de exclusión do galego.

Ao contrario do sinalado no caso anterior, no tocante á resposta "maioritariamente en galego", xeralmente a utilización do español é maior nestes centros en relación ao galego que de galego nos centros que declaran utilizar maioritariamente castelán. Que este dato expe-

## OS CASOS DE PONTEVEDRA E OURENSE



rimente unha suba respecto á enquisa anterior, cómpre indicar que seguen a ser unha excepción nas cidades galegas, representando só o 5,20%. Sen dúbida, cunha lexislación e política da Xunta contraria a esta posibilidade, a mobilización social e as sentenzas que limitaron a aplicación do decretazo, conseguiron que se perdese o medo á utilización maioritaria do galego, aínda así moi residual e anecdótica.


**A sociedade impulsa a lingua en solitario, mais é un pulo insuficiente sen a colaboración e implicación da administración pública galega. Neste momento o ritmo dos retrocesos é maior que o dos avances**

Santiago continua a ser unha das cidades galegas con maior oferta de galego na Educación Infantil, á que aínda que escasa se suma Pontevedra.

declarado polos centros supón un 18,96.

Un 18,96% dos centros responderon o uso dun "50% as dúas linguas". Debemos tomar con precaución esta cifra xa que, segundo se nos informou por parte dalgúns centros, en moitos casos

## A PÉSIMA SITUACIÓN EN VIGO



**É urxente que a Xunta de Galiza comece a acompañar a crecente demanda de galego en todas as esferas da sociedade, nomeadamente no ensino**

vén motivada pola intención da Xunta de non mostrar datos que evidencien a situación real da lingua galega no ensino infantil e deseñar un panorama de aparente igualdade. Porén facémola constar tal e como se nos indicou.

Isto explica a suba importante con respecto a 2014, aínda que parte del pode ser debido a unha maior conciencia da necesidade do galego, por parte do profesorado e pais e nais, que aínda sendo en grande parte castelán falantes, reclaman a presenza da lingua galega na educación das súas fillas e fillos. A mobilización e o incremento do activismo lingüístico, víronse apoiados tamén pola pequena apertura que supuxo a declaración de ilegalidade por parte do TSXG da enquisa contemplada no decreto. Lembremos que esta enquisa ilegal pretendía por unha banda segregar o alumnado en función da lingua, e por outra negar a posibilidade de que aínda utilizando o castelán na casa, nais e pais contasen coa escola como ferramenta para a transmisión do galego.



Activistas da Mesa no pleno de Cee.

## Cee reaxe a favor do galego

**M**arcos Maceira, presidente da MESA, remitiu un escrito a todos os grupos lembrándolles o acordo de todos os partidos de Galiza na Declaración de Unidade a prol da normalización da lingua galega, instándollos a votar a favor do impulso mínimo á lingua galega que supón este regulamento, e potenciar no concello actitudes favorábeis ao idioma e á súa oficialidade, amparadas por lexislación que aínda está sen cumprir, especialmente a 5/1988 sobre o uso do galego como lingua oficial de Galiza polas administracións locais, e outras disposicións legais tamén citadas como a Lei de Normalización Lingüística, a Carta Europea das Linguas, a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, ou acordos como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Segundo Maceira, "todos os estudos realizados indican a gravidade da situación da lingua galega, tamén no concello de Cee, reflexo dunha realidade na que mesmo a posibilidade de uso e de facer unha vida normal en galego está moi limitada incluíndo a administración local. Esta é a situación que hai que revertir para que o galego viva". Para a Mesa, actitudes como a PSOE de Cee só buscan reducir aínda máis a xa escasa presenza do galego, despoñando ás e aos galegofalantes dos seus dereitos como unha vía máis para eliminar a lingua de Galiza.

Ademáis indicou que, "nin sequera se poden acoller ao falso argumento da exclusión do castelán xa que o artigo 1 do regulamento, no seu segundo punto, di: "o galego será lingua oficial no concello de Cee, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado". Fica claro que detrás disto só hai odio á nosa lingua, ao nosa maior creación colectiva como pobo e principal elemento da nosa identidade, e que só se pretende manter a súa exclusión para que utilízalo

**A única actitude abertamente hostil contra o galego veu do grupo municipal socialista, que non dubidou en utilizar argumentos machistas para cargar contra o idioma e contra a linguaxe inclusiva contemplada no Regulamento**

en todos os aspectos da vida continúe a ser un problema" engadiu Maceira, que ademais mostrou a súa sorpresa por ser o PSDG-PSOE o impulsor do rexeitamento a unha acción mínima favorábel ao galego, cando no mes de xullo non tivo ningún problema para comprometerse na Declaración de Unidade xunto con outros partidos de Galiza.

Por isto a Mesa, que mostrou a súa posición no propio pleno, ao que asistiron varios membros da entidade de Cee e da Costa da Morte, pediu a desautorización do grupo socialista ceense por parte do seu partido e animou de xeito concreto ao conxunto da militancia socialista, realmente favorábel ao idioma galego, a mostrar tamén o rexeitamento a esa actitude vergoñenta dos seus edís en Cee.

O regulamento foi rexeitado polo pleno cos votos de Ciudadanos, PSOE, e PP, tras propor este último agardar un informe xurídico que o avalase, polo que será debatido no próximo pleno. Porén, a única actitude abertamente hostil contra o galego veu do grupo municipal socialista e nomeadamente do concelleiro Modesto Rivas quen ademais non dubidou en utilizar argumentos machistas para cargar contra o idioma e contra a utilización da linguaxe inclusiva contemplada no Regulamento.

A Mesa pola Normalización na Costa da Morte, a través do seu responsábel Alex López, anunciou que a entidade xa está a traballar no deseño dunha ampla e intensa campaña social en Cee para informar sobre que é o Regulamento de potenciación do uso do galego. Dita campaña comezou cun acto público de apoio ao Regulamento de promoción do galego que tivo lugar o 15 de Novembro ás 12 da mañá diante do Concello de Cee.

## A Mesa convoca a IV edición do Premio Abertos ao Galego

**A**Mesa pola Normalización Lingüística convocou a cuarta edición do Premio Abertos ao Galego, co que se reconece a empresas que destacan polo uso normal do idioma galego. Esta iniciativa que tivo como prazo para a presentación de candidaturas até o 30 de Novembro, xorde da necesidade de lle darnos máis visibilidade social ás empresas que se comprometen cun dos máis principais sinais da identidade de Galiza quere contribuír a crear unha imaxe de prestixio asociada ao uso do galego no ámbito empresarial.

A Mesa procurará, una vez máis, a implicación da sociedade a través da presentación de candidaturas: calquera empresa ou particular poderá enviar propostas, as cales debían remitirse á sede da Mesa pola Normalización Lingüística (Avenida de Lugo, 2A, Entresollado A, 15702, Santiago

**Abertos ao Galego quere contribuír a crear unha imaxe de prestixio asociada ao uso do galego no ámbito empresarial**

de Compostela) ou por correo electrónico (abertosogalego@amesa.gal) cunha proposta que inclúa o nome e datos de contacto da empresa, xunto cunha explicación da candidatura na cal se incida no uso do galego que se fai desde a empresa candidata. O prazo de presentación finalizou o 30 de novembro de 2015. Para incentivar a participación, as persoas que remitisen candidaturas a título particular serán agasalladas coa camisola da Mesa pola Normalización Lingüística coa cita de Manuel María: "A fala é a voz da terra e máis do mar".

O proxecto Abertos ao Galego, que dá nome ao premio, constitúe un certificado que outorga A Mesa pola Normalización Lingüística, en diferentes niveis, a empresas, comercios, asociacións e entidades de todo tipo que adopten e desenvolvan compromisos para a normalización do galego. Os premios, como carácter simbólico, materialízanse na pertenza durante un ano ao Proxecto Abertos ao Galego.

A empresa que gañou o premio o ano pasado foi Cooperativa Erica Mel, de Arzúa, polo seu compromiso coa lingua galega. Unha empresa que abriu camiño no seu sector e foi pioneira na etiquetaxe en galego. O xurado tamén reconeceu cunha mención especial a Radio Fene, emisora municipal que cumpría 30 anos que, con carácter estábel, empregou integramente a lingua galega nas súas emisións, que principiaron en setembro de 1984.

**A** Mesa pola Normalización Lingüística, a CIG-Ensino e a profesora Ana Belén Tajés mantiveron unha reunión co secretario xeral de Política Lingüística o luns 19 de outubro. Na reunión, que convocou a SXPL, tratouse o grave caso de racismo lingüístico en Jungle World.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García informou que "a Xunta de Galiza ía actuar neste caso grave de discriminación lingüística". "A SXPL vai trasladar unha proposta á Consellaría de Política Social e á propia empresa", dixo o secretario de Política Lingüística. Tamén se comprometeu a manter informadas á Mesa pola Normalización Lingüística e á CIG-Ensino das diferentes actuacións que leven a cabo.

Desde A Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino solicitóuselle ao secretario xeral de Política Lingüística unha resposta a este asunto coa máxima urxencia e firmeza pola gravidade do acontecido no centro de atención á infancia da Coruña, Jungle World.

## A Mesa e a CIG-Ensino exíxenlle á SXPL unha actuación firme e urxente no caso Jungle World

Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino, transmitiulle que "a actuación da SXPL ten que ir encamiñada a restablecer e asegurar os dereitos lingüísticos das traballadoras". Ademais "o centro Jungle World ten que garantir a oferta positiva da nosa lingua" lembrou Anxo Louzao. Neste sentido, o centro de atención á infancia ten que elaborar unha nova circular onde se garanta o uso do galego polas traballadoras.

Mónica Pazos, vicepresidenta da Mesa po-

la Normalización Lingüística, subliñou que "este caso de racismo lingüístico e galegofobia é unha consecuencia da política lingüística da Xunta de Galiza nestes últimos anos".

Tanto A MESA como CIG-Ensino valoran positivamente a información que lles trasladou a SXPL mais lembran que non pode ficar en palabras senón que ten que actuar con urxencia para evitar máis casos de discriminación lingüística.

## Ferrol precisa e quere galego

**A** Mesa pola Normalización Lingüística remitiu o 28 de Outubro un escrito dirixido a todos os grupos municipais do concello de Ferrol, e nomeadamente ao grupo de goberno, instándoo a potenciar a aplicación e cumprimento da Ordenanza municipal de Normalización Lingüística de Ferrol, tralo intento de moción presentada polo grupo municipal de Ciudadanos que pretendía inhabilitar o uso do galego no concello de Ferrol.

Xunto coa toda a lexislación que ampara a oficialidade da lingua galega especialmente a 5/1988 sobre o uso do galego como lingua oficial de Galiza polas administracións locais, e outras disposicións legais tamén citadas na Declaración de Unidade a prol da Normalización da Lingua galega asinada por máis de 12 organización políticas e á que se adheriu o Concello de Ferrol no Pleno do 30 de xullo.

Carlos Outeiro, responsable da MESA en Ferrol, lamentou que "aínda existan grupos empeñados en negar a realidade e en axitar vellos e novos prexuízos falsos contra a lingua galega, e máis cando a posibilidade de optar polo galego está gravemente limitada cando non desaparecida". "O odio á lingua a través da difusión de falsidades é unha mostra do pro-

## A posibilidade de optar polo galego está gravemente limitada cando non desaparecida

fundo desprezo por Ferrol e a todo canto a identifica con Galiza, da que Ferrol é unha das súas cidades máis destacadas", sinalou Outeiro, quen ademais reiterou a necesidade de reunir o Consello Municipal de Normalización pra posibilitar a implicación social no proceso de normalización lingüística que Ferrol debe reiniciar.

Desde a Mesa tamén se remitiu a todos os grupos unha serie de propostas para o impulso e aplicación efectiva da ordenanza. Estas medidas están baseadas nas xa recollidas pola propia ordenanza e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galiza.

A MESA parabenizou os grupos municipais de Ferrol que votaron a favor de manter a oficialidade do galego e reclama máis pasos.



Rolda de prensa con Anxo Louzao, Belén Tajés e Marcos Maceira.

## A Marcha Mundial das Mulleres e A Mesa denuncian discriminación do uso da lingua galega

**A** Marcha Mundial das Mulleres e A Mesa pola Normalización Lingüística denunciaron a resposta recibida por parte do Ministerio de Xustiza para colocar o texto en castelán obviando a cuestión de fondo da reclamación. Lucía Cedrón, integrante da coordinadora local sinalou que "é evidente que para o sistema as mulleres non valem nada cando nós denunciemos un asasinato e eles responden falando da lingua na que se realiza o escrito" por iso denunciemos con esta convocatoria o nulo valor que se dá ás mulleres e a discriminación que sufrimos como galegas por non poder realizar esta denuncia de desprotección de Isabel Fuentes na nosa propia lingua, obrigándonos a entregala noutra lingua e retrasando o proceso de investigación das causas que levaron a que non se protexera a Isabel Fuentes malia existir unha petición expresa por parte da Guardia Civil alertando polas sospeitas sobre o seu marido.

Mónica Pazos da Mesa pola Normalización lembrou o compromiso do Estado Español

coa Carta Europea dos dereitos das linguas e que tanto a Constitución Española, como a Lei de Normalización Lingüística como o Estatuto de Autonomía amparan o uso da nosa lingua cando as reclamacións se presentan no noso territorio indicando que "máis se falamos dun caso deste tipo dunha gravidade tal o que as institucións deben facer é ser sensíbeis e facilitar a labor non entorpecer como neste caso", "que sexa legal non significa que sexa xusto" engadiu dándolle paso ás deputadas que falon das accións que se levarán adiante no Parlamento das próximas semanas.

Pese aos atrancos postos polo Ministerio de Xustiza para o procedemento de denuncia dende a coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres anunciaron que continuarán adiante coa reclamación mesmo que teñan que redixila noutra lingua e continuarán a denunciar que no caso de Isabel Fuentes houbo desprotección, algo que non pode volver suceder.

A coordinadora local da Marcha Mundial

das Mulleres volverá a rexistrar a reclamación nos próximos días para que continúe o procedemento e reclamar das institucións o esclarecemento do que fallou para que ante un caso de agresión no que a Garda Civil advirte dunha posíbel nova agresión esto non se teña en conta e non se protexa á agredida.

Carme Adán (BNG) e Carmen Iglesias (Grupo Mixto) levaron ao Parlamento a devolución desta denuncia reclamando que o goberno galega poña todo o seu interese en facilitar que se siga o proceso da reclamación evitando máis retrasos o atrancos como a recente devolución do texto. Ambas deputadas manifestaron o seu apoio ao traballo de denuncia da desprotección de Isabel Fuentes levada a cabo pola Marcha Mundial das Mulleres e denunciaron "o feminicidio permanente no que vivimos" en palabras de Carme Adán, e "que non se dea valor á vida das mulleres" en palabras de Carmen Iglesias.

# CONTRACAPA

**ANXO NÚÑEZ** CREADOR DA PETICIÓN DE NETFLIX, INCLÚAN A VERSIÓN EN GALEGO NOS FILMES

“No Estado español hai máis linguas que o castelán e merecen formar parte da nova era das comunicacións”

Netflix, empresa líder mundial de televisión por Internet, chegou ao Estado español o 20 de outubro. As persoas subscritoras poderán ver unha ampla variedade de contidos, incluíndo series, documentais e filmes orixinais exclusivos. Podemos decidir cando, onde e como queremos gozar do contido de entretemento mais non podemos escoller o galego como lingua. Netflix non reconece os dereitos lingüísticos dos consumidores/as galegos/as.

Anxo Núñez lanzou unha campaña de recollida de sinaturas en [change.org](http://change.org) na que lle solicita á directiva de Netflix que incorpore o galego.



**P**or que é importante que Netflix reconeza o galego? É importante que unha empresa internacional coma Netflix reconeza o galego para que a nosa lingua estea presente. Penso ademais que en Galiza hai moitos clientes potenciais e que isto debería ser clave para que Netflix adopte tamén os seus servizos ás nosas diferenzas lingüísticas tal e como fixo xa noutros países con linguas minoritarias.

**Cal é a razón de que Netflix ofrezca o seu catálogo de series e filmes só en español e inglés?**

Netflix lanzouse ao mercado do Estado español hai moi pouco, porén, é certo que a súa web polo de agora só está en inglés e castelán sen ter en conta o resto das linguas oficiais e ese é un dos reclamos principais da campaña. Noutros países como

Noruega, Netflix ofrece a súa web e subtítulos nas linguas oficiais, entón, por que non aquí tamén?

**Hai data concreta de emisión de contidos en galego?**

Non, de feito din que están a negociar coas compañías para chegar a un acordo e o que intentamos con esta campaña é simplemente estimulalos para que así se poida axilizar o trámite. O que si se sabe é que dentro de pouco é moi probábel que comencen as emisións tamén en catalán.

**Que podemos facer as galegas e galegos que queremos elixir ver contidos en galego a través de Netflix?**

Polo de agora témolo que pedir, temos que lembrarllas que no Estado español hai máis linguas que o castelán e merecen formar parte da nova era das comunicacións.

**Se a dobraxe en galego foi moi importante na normalización do galego, por que na actualidade non se apoia este sector?**

Intereses políticos. Non hai moito da última manifestación en apoio a este sector que está a sufrir recortes e marxinación total. A dobraxe en galego foi, segue e seguirá sendo un dos principais piares para a normalización da nosa lingua e se non facemos nada para defendela acabarán por quitárennola.

**En que situación se atopa o galego no mundo da información e comunicación?**

O galego está nunha situación moi seria e preocupante. Non só falo dos medios en Internet, tamén falo das demais plataformas como os xornais editados en Galiza que están case por completo en castelán e que apenas adoitan dar un pequeno espazo simbólico para a nosa lingua. A presenza do galego nestes medios non se corresponde coa realidade social do galego.

Quero remarcar que sabemos que é difícil que Netflix poida emitir en galego por culpa de que os dereitos do audiovisual na nosa lingua son maioritariamente propiedade intelectual da CRTVG, pero tamén sabemos que todo se pode falar e desde logo, se non facemos nada por intentalo nada imos conseguir.

**“Os dereitos do audiovisual na nosa lingua son maioritariamente propiedade intelectual da CRTVG, pero se non facemos nada, nada imos conseguir”**